



Concello do Porriño



O Concello do Porriño require voluntariado para unha actividade de limpeza e eliminación de especies invasoras no río Couso.

O Concello do Porriño, a través da Concellería de Xuventude (OMIX), que dirixe Antonio Barros, fai un chamamento para as familias, maiores de 18 anos ou menores acompañados que estean interesadas en botar unha man, participen como voluntarios nos labores de limpeza e eliminación de especies invasoras, actividade que levaremos a cabo no río Couso.

"O río Couso é un afluente do río Louro que se estende ao longo duns poucos quilómetros polas parroquias de Cans e Atios no concello do Porriño. No seu tramo final, entre a liña de tren Porriño-Tui e o punto no que desemboca no río Louro, alberga unha elevada biodiversidade, algo habitual nos cursos de auga próximos ao río Louro. Pero nos últimos anos sufriu a expansión de varias especies exóticas invasoras (EEI) que provocaron o desprazamento de especies autóctonas, polo que se alterou significativamente o ecosistema."

O Concello colabora coa Asociación ecoloxista Verdegaia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2006/009648-1 (SC). As intervencións que se levarán a cabo, estarán supervisadas por membros desta Asociación que contan cunha ampla experiencia en actividades de restauración ambiental e de eliminación de especies invasoras.

Obxectivo: recuperar a riqueza deste pequeno ecosistema mediante a retirada de residuos do leito do río e a extracción dalgunhas das EEI.

Entre as EEI identificadas destacan: orella de gato (*Tradescantia fluminensis*), crocosmia (*Crocsmia crocosmiiflora*), xunca (*Cyperus eragrostis*), tintureira ou uvas de can (*Phytolacca americana*), bambú (*Phyllostachys aurea*), cana (*Arundo donax*) e falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*).

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño



Programación: as tarefas concretas para desenvolver por parte dos participantes nesta actividade resúmense en catro fases: tres intervencións e un informe final.

- .- 1ª intervención (sábado, 30 de setembro). Horario: 11:00h-13:00h
 - . Participación nunha pequena charla introdutoria, explicando a problemática das EEI e o obxectivo da actividade.
 - . Entrega de ferramentas, EPI (luvas) e bolsas ás persoas participantes.
 - . Retirada de residuos do leito do río.
 - . Extracción de EEI de pequeno porte (*Tradescantia*, *Crocasmia*, *Cyperus* e *Phytolacca*).

- .- 2ª intervención (sábado, 14 de outubro). Horario: 11:00h-13:00h
 - . Nova extracción de EEI, principalmente das que enraízan facilmente como a *Tradescantia fluminensis*.
 - . Revisión do traballo realizado na 1ª intervención.

- .- 3ª intervención (sábado, 28 de outubro). Horario: 11:00h-13:00h
 - . Revisión do traballo realizado nas anteriores intervencións.
 - . Análise da posibilidade de repoboación da zona con especies autóctonas para frear a expansión das EEI que rodean a zona intervida.

- .- PRESENTACIÓN do informe final no mes de novembro ao CHMS e ao Concello do Porriño co resumo do traballo realizado.

Localización: a actividade sería realizada no treito final do río Couso entre a liña de tren e o punto no que se xunta co río Louro, no mapa é o treito entre os dous símbolos vermellos. As coordenadas: 42°09'08.7"N 8°37'26.0"W 42.152412, -8.623875

Punto de partida para as intervencións: rúa Leandro Diz, 5 (ao lado do paso inferior da liña do tren).

Os **recursos materiais** desta actividade serán achegados ás persoas participantes no momento do inicio de cada intervención.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Concello do Porriño



As **prazas** son limitadas (20 voluntarios/as por xornada).

Idades: maiores de 18 anos ou menores acompañados por persoas maiores de idade que serán ós responsables dos nenos/as.

Dende a OMIX queremos aproveitar para agradecer a colaboración e solidariedade da vosa comunidade escolar. Aquelas persoas interesadas en formar parte do equipo de voluntariado para esta actividade, poderán informarse e/ou inscribirse no teléfono 986337624 (ext. 1) ou no correo electrónico omix@o-porrino.org , para a primeira intervención ata o vindeiro venres día 29 de setembro, á 13:00h. Para as seguintes intervencións o prazo para anotarse remata o 11 de outubro a mesma hora.

Ao mesmo tempo a Concellería de Xuventude (OMIX), tomando como punto de partida esta experiencia, anuncia a futura posta en marcha dun PROGRAMA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO. Se algunha persoa está interesada en sumarse a dito PROGRAMA poderá achegarse ás dependencias da OMIX -Centro Cultural Municipal do Porriño- e solicitar información.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579